

MEMORIA DO CURSO 2004- 2005 DA OFICINA DE MEDIO AMBIENTE

No curso 2004-2005 as actividades de **maior relevancia** de esta entidade foron as seguintes, agrupadas temáticamente:

Conservación da Biodiversidade

- Valoración das ofertas relativas ó concurso público para a contratación dos traballos de conservación e mantemento das zonas verdes dos campus de Vigo, Ourense e Pontevedra.
- Supervisión e seguemento dos traballos de conservación e mantemento de zonas verdes.
- Contratación dunha consultoría para a redacción dun estudo hidroxeolóxico, encamiñado a atopar alternativas á problemática das augas de rega dos veciños do campus de Vigo.
- Planificación e seguemento dos traballos de restauración ambiental nos campus da Universidade:
 - Restauración dos taludes da Colina da Parcela Central e arredores do Reitorado.
 - Excavación e retirada de sedimentos da Lagoa de Ciencias.
 - Colocación de peches na zona de protección arqueolóxica e nacente da levada de Marcosende.
 - Colocación dun valado de madeira e plantación dun seto de arbustivas no estacionamento de Deportes.
 - Adecuación da saída das augas da Lagoa de Ciencias e construción de pasos en pedra na canle de derivación.
 - Balizamento de dúas sendas de educación ambiental no Campus de Vigo.
 - Plantación de 330 árbores na parcela de “Ferro Vello” do campus de Vigo.
 - Destoconado da parcela do Souto de Beade e extendido de terras en Pedras Miudas, prados Vilariño, e pista en Marcosende.
 - Arranxo da pista de Fontecova e limpeza de pozas nos prados de Vilariño e no paso do vial sur en Marcosende.
 - Restauración do antigo acceso ó CACTI e dos accesos á parada de autobús de Telecomunicacións.
 - Plantación de rodais de labiadas (romeu e lavanda) nos muros verdes de Cidade Universitaria.
 - Poda en altura de arborado nos xardíns da Facultade de Filoloxía e Traducción.

- Colocación de peches e desbroce dunha parcela do Campus de Ourense.
- Vixilancia e seguemento de medidas correctoras das obras que se están realizando nos campus da Universidade.
- Programa de “Seguemento dos hábitats naturais e mantemento dun viveiro de planta autóctona no campus de Vigo”, incluído dentro do convenio de fomento do emprego Universidade de Vigo-Consellería de Familia:
 - Dirección e coordinación dos traballos do citado plan.
 - Deseño e aplicación dunha metodoloxía para avaliar os cambios nas comunidades de fauna e flora da área afectada polos proxectos de mellora ambiental.
 - Inventariado, ordenación e consolidación dun viveiro con mais de 10.000 plantas, de especies propias da vexetación de Galicia, e aviveiramento en contedor de parte desta planta.
- Redacción do “Proxecto de reprodución de especies arbóreas e arbustivas ameazadas en Galicia” e do “Proxecto de seguemento dos hábitats naturais dos Campus de Vigo e Ourense”, para acollerse ó convenio de fomento do emprego Universidade de Vigo-Consellería de Familia.
- Programa de “Naturalización dos estanques artificiais da Universidade de Vigo”.
- 4º ano do Estudio da "Mortalidade de vertebrados asociada ás infraestructuras do campus de Vigo".
- Instalación de barreiras e trampas para evitar o atropelo de anfibios no vial de circunvalación do campus de Vigo. Durante o ano 2005 recolléronse nas trampas un total de 222 adultos de sapo común (*Bufo bufo*).
- Colocación e seguimento de caixas niño e comedeiros para aves no campus de Vigo.

Calidade do Medio

- Contratación por concurso do Servizo de Xestión dos Residuos Perigosos da Universidade de Vigo en xaneiro de 2005:
 - redacción do prego de prescricións técnicas para a contratación do servizo de xestión de residuos perigosos na Universidade.
 - valoración das ofertas relativas ó concurso público para a contratación do servizo de xestión de residuos perigosos na Universidade.

- Coordinación e supervisión das recollidas de residuos perigosos realizadas nos laboratorios e conserxerías da Universidade de Vigo:
 - o recollida e etiquetado dos residuos producidos.
 - o subministro continuado de envases homologados.
 - o informar ó persoal dos laboratorios sobre a recollida, a separación dos residuos e as obrigacións que deben cumprir como produtores.
 - o recompilación de información sobre os residuos recollidos: produción por tipoloxías, número de envases subministrados, incidencias, etc.
 - o tramitación da documentación que corresponde ós residuos perigosos e actualización do Libro de Rexistro.
 - o elaboración dos informes correspondentes.

Datos das últimas recollidas	Setembro 2004	Marzo 2005
Producción total (Kg)	9.786	8.179

- Recollida e xestión de material informático obsoleto nos centros da Universidade.

Datos da última recollida	abril 2005
Producción total (Kg)	1.780

- Subministro de 79 colectores internos para a reciclaxe de papel usado nas Facultades de Ciencias, Filoloxía, Económicas, Ciencias Xurídicas e Telecomunicacións.
- Seguemento e avaliación do uso de 203 colectores internos para a reciclaxe de papel instalados pola OMA nos centros da Universidade.
- Control e supervisión do traballo dos xestores que recollen e tratan os residuos urbanos na Universidade (papel, envases, vidro, tóners, cartuchos, etc.).
- Inclusión de novas consideracións ambientais nos pregos de contratación dos servizos de limpeza (expediente de limpeza 301/05).
- Elaboración do cuestionario anual (2004) de Declaración de Operacións con Substancias Químicas Catalogadas, incluídas no anexo I da Ley 3/1996, de 10 de xaneiro, sobre medidas de control de substancias químicas catalogadas susceptibles de desvío para a fabricación ilícita de drogas.
- Tramitación da solicitude de renovación da Licencia de Actividade con Substancias Químicas Catalogadas da Universidade de Vigo.
- Programa de “Seguemento da calidade das augas superficiais do campus de Vigo”.

Sensibilización, Formación e Investigación

- Participación no proxecto “Crear Bosques” do Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO).
- Colaboración coa Federación Galega de Atletismo, na adecuación do percorrido dos campionatos universitarios e galegos de cross na zona das mámoas do Campus de Vigo.
- Sinatura dun convenio de colaboración entre a Entidade Local Menor de Bembrive, e a Universidade de Vigo.
- 2º ano do Programa de Educación ambiental "Universidade é Natureza" dirixido a estudantes de Educación Secundaria Obrigatoria (E.S.O.) e Postobrigatoria dos institutos e C.P.I. pertencentes ó Concello de Vigo. Durante este ano participaron no Programa 353 alumnos e 21 profesores, pertencentes a 7 colexios e 2 institutos.
- Elaboración da Unidade Didáctica do Programa de Educación Ambiental “Universidade e Natureza”.
- 4º ano do Programa de educación ambiental "Fora das Facultades tamén hai vida": realización de dous itinerarios guiados á semana polo campus, co obxectivo de dar a coñecer os hábitats e a fauna e flora do campus de Vigo a toda a comunidade universitaria. Durante este ano participaron no Programa 84 persoas.
- Organización de itinerarios guiados polo campus de Vigo para os rapaces participantes no campamento de verán “Campus Camp” organizado polo Servizo de Deportes.
- Atención á comunidade universitaria sobre cuestións ambientais. Información a través do teléfono, da páxina web e do correo electrónico das novas da OMA.
- No curso pasado o número de noticias editadas na prensa con relación á OMA foi: 5 no ano 2004 e 6 no ano 2005.

Organización interna

- Dirección e coordinación dos traballos do Servizo de Xardinería da Universidade de Vigo.
- Convocatoria das bolsas de formación na OMA, e selección de dúas bolseiras para o curso 2005-2006.
- Selección de 2 biólogas e 1 capataz forestal para o Programa de seguemento dos hábitats naturais e mantemento dun viveiro de planta autóctona no campus de Vigo.